

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de contratación da redacción do proxecto de obras de humanización da estrada provincial entre Gran Vía e Arquitecto Palacios.

1. Entidade adxudicadora: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Fomento. Nº de expediente: 4513-440.

2. Obxecto do contrato: a redacción do proxecto de execución das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, tramo comprendido entre a Gran Vía e a avenida Arquitecto Palacios.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: tres (3) meses. Prórroga: non.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 60.226,85 euros. IVE para soportar pola Administración: 12.647,64 euros. Orzamento total: 72.874,49 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE). c) Complementaria: si (por un importe do 5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE, cando a oferta adxudicada fose cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada e fose xustificada adecuadamente).

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante). Teléfono: 986 81 01 48. Fax: 986 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata sete (7) días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

CVE-DOG: mdx7sy8-pom2-m5x2-ze95-pvw98wbmkah9



7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocio. Consideraranse con solvencia económica e financeira os licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas), que inclúa importe, datas e o seu destinatario, público ou privado. Serán traballos de igual ou similar natureza os relativos á redacción de proxectos de obras de construción de obra civil e edificación. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de ofertas. Prazo: o prazo rematará o décimo quinto (15º) día seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 da folla de especificacións do contrato.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Pza. do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciaranse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

CVE-DOG: mdx7sy8-pom2-m5x2-ze95-pvw98wbmkah9



10. Outras informacións.

11. Páxina web para a obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 5 de maio de 2017

O alcalde

P.D. (Decreto do 19.6.2015 e Acordo do 19.6.2015)

David Regades Fernández

Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: mdx7sy8-pom2-m5x2-ze95-pvw98wbknh9

